

Rúbrica para avaliar a aprendizaxe cooperativa nas avaliacións. CURSO: _____ GRUPO _____						
	CUESTIÓN	NS/NC	Rúbrica			
			1	2	3	4
PROFESORADO QUE TRABALLA EN COOPERATIVO	Cualificación das actividades que facemos en cooperativo	☐	Non as temos en conta para a cualificación final ou lle damos unha cualificación con menor peso que a das actividades individuais ☐	Establecemos a mesma cualificación para todo o alumnado do equipo centrándonos só no resultado curricular da actividade ☐	Establecemos a mesma cualificación para todo o alumnado do equipo en función do resultado curricular e establecemos unha cualificación para cada alumn@ en función da participación e cooperación nas actividades ☐	Establecemos unha cualificación para cada alumn@ do equipo na que se valora globalmente o aspecto curricular e o cooperativo ☐
	Percepción do traballo do alumnado na aula cando se fai aprendizaxe cooperativo	☐	É moi difícil facer técnicas de aprendizaxe cooperativo porque hai un elevado número de alumnado que non coopera co equipo ☐	Algúns alumn@s dalgún equipo deixan que sexan outr@s os que fagan as tarefas pero a maioría dos equipos tratan de seguir as pautas das estruturas que se aplican ☐	Case todo o alumnado traballa nas actividades encomendadas pero algúns equipos non seguen as pautas da estrutura que se aplica ☐	Todo o alumno está traballando nas actividades encomendadas seguindo as pautas da estrutura que se aplica ☐
	Percepción da incidencia no rendemento do alumnado	☐	É negativo para o alumnado con bos resultados académicos porque perden tempo axudando aos que peores resultados teñen e estes non aproveitan esta axuda ☐	Non varía o rendemento do alumnado, nin do alumnado con bos resultados académicos nin do alumnado con malos resultados académicos ☐	É positivo para o alumnado con malos resultados académicos porque se aproveita do traballo do resto do alumnado, que non ve afectado o seu rendemento académico ☐	É positivo para todo o alumnado porque se potencia a adquisición de competencias clave como <i>aprender a aprender, social e cívica, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, comunicación lingüística</i> ☐
PROFESORADO QUE NON TRABALLA EN COOPERATIVO	Percepción da incidencia da aprendizaxe cooperativa no grupo á hora de facer actividades na aula	☐	O grupo, en xeral, é menos participativo nas actividades de aula que outros grupos nos que non se traballa en cooperativo. ☐	Non se nota diferenza no traballo na aula con outros grupos nos que non se traballa en Aprendizaxe cooperativa ☐	Nótase que hai unha parte do alumnado que trata de participar máis activamente das actividades de aula que noutros grupos nos que non se traballa en cooperativo. ☐	O grupo, en xeral, é máis participativo nas actividades de aula que outros grupos nos que non se traballa en cooperativo. ☐
	Consideracións acerca do aprendizaxe cooperativo	☐	Afecta negativamente no rendemento académico de determinado tipo de alumnado. ☐	Non aporta nada que non aporte outro tipo de aprendizaxe ao grupo – clase ☐	Pode afectar de forma positiva ao rendemento da clase xa que se traballan competencias como <i>aprender a aprender, social e cívica, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, comunicación lingüística</i> que non se traballarian con prácticas docentes “tradicionais”, pero implica moito traballo para o profesorado. ☐	Afecta de forma positiva ao rendemento da maioría do alumnado da clase, especialmente á adquisición das competencias mencionadas no ítem anterior. ☐
TODO O PROFESORADO	OBSERVACIÓNS					